

PRAZA ENFERMEIRA/O

CONSULTA NEUROFISIOLOXÍA-ELECTROENCEFALOGRAFÍA

- **Categoría: Enfermeira/o**
- **Nº de prazas: 1**
- **Quenda: fixa de mañá CHUAC**

A actividade do persoal de enfermaría na unidade de EEG implica:

1. Atención a doentes (adultos e nenos) en consultas externas- Hospital Teresa Herrera
2. Atención a doentes ingresados no Hospital Teresa Herrera, Hospital a Coruña e os restantes dependentes da área sanitaria da XXI A Coruña.

A sistemática de funcionamento da unidade consiste nun sistema de rotación semanal das dúas enfermeiras/os, de maneira que unha delas se ocupa de atender a actividade ambulatoria (consultas externas HTH) e doentes ingresados no Hospital Teresa Herrera así como restantes dependentes da área sanitaria (excepto H. A Coruña) e outra distribúe a súa xornada laboral realizando unha actividade parcial en consultas (HTH) e asistencia a doentes ingresados no Hospital A Coruña; invertíndose dita actividade na seguinte semana. Nos períodos vacacionais, o persoal de enfermaría substitúese entre si realizando actividade de consultas (axendas vacacionais) e asistencia a doentes ingresados da toda o área sanitaria.

- **PLAN FORMATIVO**

- Adestramento mediante estancia ou rotación nas salas de neurofisioloxía or un tempo máximo de 1 mes.
- Electroencefalografía (bases fisiolóxicas).

- **Coñecementos post-formación**

- Coñecemento anatómico-fisiolóxico do sistema nerviosos humano, así como das diferentes patoloxías neurolóxicas que poden aparecer.
- Coñecementos básicos de informática e destreza manual para a correcta colocación dos electrodos no lugar correspondente do coiro cabeludo.
- Protocolos, técnicas e material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial na consulta.
- Autonomía para a realización de EEGs nas diferentes unidades de hospitalización e urxencias (con desprazamento do equipo de rexistro e montaxe do mesmo no caso de asistencia obrigatoria a outros hospitais da área sanitaria).
- Capacidade para o manexo de doentes ingresados en unidades de coidados intensivos, tanto no que se refire a doentes intubados como sometidos a craniectomías e con catéteres epicutáneos e/ou de PIC (onde os rexistros EEG realízanse utilizando principalmente eléctrodos de agulla).
- Destreza e habilidade para o manexo de nenos ingresados nas unidades de coidados intensivos, con especial atención a aqueles ingresados na UCI de neonatos e ás condicións de manipulación do doente prematuro.